

ACCIÓN 2014.C005 SUBMEDIDA 214.2.4.
CATÁLOGO DE CHÍCHAROS DE GALICIA

Obxectivos

O obxectivo desta acción é a publicación dun catálogo dos chícharos que o Instituto Nacional de Investigacións Agrarias (INIA) recolleu en diversas prospeccións de material en Galicia e que agora o Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) conserva no seu Banco de Xermoplasma.

O impacto da actuación sobre a conservación dos recursos fitoxenéticos é evidente. A presente acción ten por obxectivo dar a coñecer aos agricultores as distintas variedades de chícharos galegos cara a súa reintrodución no seu agrosistema orixinal.

Tarefas desenvolvidas

Caracterización e fotografía das flores, vainas e plantas das 115 variedades de chícharos autóctonos de Galicia e co fin da redacción e publicación dun catálogo.